

## Concello de Viveiro

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 6 DE NOVEMBRO DE 2024.

#### ASISTENTES:

##### ALCALDESA-PRESIDENTA

D<sup>a</sup> MARÍA LOUREIRO GARCÍA

##### CONCELLEIROS

D. Jesús Fernández Fernández, D<sup>a</sup> Lara Fernández Fernández Noriega, D<sup>a</sup> Catalina Fernández Méndez, D<sup>a</sup> Andrea Ríos Rodríguez, D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, D<sup>a</sup> Iria Cotelo Cociña, D. Juan Ramón Martínez Castro, D<sup>a</sup> María del Carmen Gueimunde González, D. Martín Vale Cobo, D. Domingo González López, D. Pablo Varela Sánchez, D<sup>a</sup> Saray Ventura Fernández, D. Vicente Vázquez Chao, D<sup>a</sup> Erea Rivera Vázquez e D. Manuel Galdo Dopico.

##### SECRETARIA XERAL

D<sup>a</sup>. Mari Luz Balsa Rábade.

##### INTERVENTORA MUNICIPAL

D<sup>a</sup>. María Rosa Abelleira Fernández

No salón de Sesións, sendo as 19:30 horas do día 6 de novembro de 2024, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico o acto. Por motivos técnicos para a gravación da presente sesión plenaria, demorase o acto de inicio ata a conexión por parte de todos os equipos dos membros asistentes.

Asiste telemáticamente D<sup>a</sup>. Catalina Fernández Méndez.

Excusa a súa asistencia D. Bernardo Fraga Galdo.

Non asiste ao pleno a Interventora Municipal.

Comprobado pola Secretaria a existencia de quórum necesario, declárase aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

Empeza o pleno gardando un minuto de silencio polos falecidos e os damnificados polo temporal da Dana.

### ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN PLENARIA

#### ORDE DO DÍA

#### 1ª PARTE

##### PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 25 DE SETEMBRO DE 2024.

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

3.- PROPOSTA DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SAF. (EXPTE.- 3521/2024)



## Concello de Viveiro

---

**4.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS NUMERO 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES, NUM 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E NUM 24 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. (EXPTE.- 2715/2024)**

**5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DEMAIS SERVIZOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PRESTADOS NO CONCELLO DE VIVEIRO PARA O ANO 2025 (EXPTE.- 7165/2024)**

**6.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ORDENANZA NÚM. 37 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DE VIVEIRO (EXPTE.- 7655/2023)**

**7.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA 2024, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO (EXPTE.-7299/2024)**

### **2ª PARTE:**

#### **PARTE DECLARATIVA**

**1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE CON RESPECTO Á SUBA DO CANON QUE OS CONCELLO ABONA A SOGAMA POLA XESTION DOS SEUS RESIDUOS.**

**2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS.**

**3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA IMPULSAR A REHABILITACIÓN, CONSERVACIÓN, ACCESO E SERVICIOS DO CEMITERIO MUNICIPAL.**

**4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO PARA A ACTIVACIÓN DA VARIANTE DE VIVEIRO. TRAMO DENDE AREA ATA LANDROVE.**

**5.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIVEIRO CON MOTIVO DO DIA MUNDIAL DA INFANCIA 2024**

### **3ª PARTE:**

#### **PARTE DE CONTROL**

**1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

**2.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA DE CONCELEIROS DELEGADOS.**

**3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL 2023 SOBRE O CUMPRIMENTO EN MATERIA DE MOROSIDADE (EXPTE.- 3358/2023).**

**4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INFORMACIÓN ECONÓMICA, ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024. (EXPTE.- 3534/2024).**

**5.-ROGOS E PREGUNTAS.**



# Concello de Viveiro

## 1ª PARTE

### PARTE RESOLUTIVA

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DE DATA 25 DE SETEMBRO DE 2024.

Non existindo obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 25/09/2024.

#### 2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Vista a proposta da alcaldía para o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que se transcribe a continuación:

*“En virtude do disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos artigos 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) e no artigo 8 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).*

*Tendo en conta a renuncia á condición de concelleiro de D.Eleazar José Rodríguez Abuín, e á toma de posesión da concelleira D<sup>a</sup>. Catalina Fernández Méndez, procede realizar nova proposta, co fin de nomear representantes da Corporación nos órganos colexiados nos que figuraba o anterior concelleiro como representante:*

*En virtude do exposto, esta Alcaldía PROPÓN ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Nomear como representantes da Corporación nos órganos colexiados dos centros escolares ós seguintes concelleiros e concelleiras:*

*Consello Escolar do C.E.P. LOIS TOBÍO: D<sup>a</sup> Catalina Fernández Méndez*

*Segundo.- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será notificado á concelleira nomeada.”*

Non existindo debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta obrante no expediente, co seguinte contido:

**Primeiro.-** Nomear como representantes da Corporación nos órganos colexiados dos centros escolares ós seguintes concelleiros e concelleiras:

Consello Escolar do C.E.P. LOIS TOBÍO: D<sup>a</sup> Catalina Fernández Méndez

**Segundo.-** O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será notificado á concelleira nomeada.

Neste intre incorporase ao pleno telemáticamente D<sup>a</sup> Catalina Fernández Méndez.

#### 3.- PROPOSTA DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SAF. (EXPT.- 3521/2024)

Visto o expediente de contratación tramitado para o contrato denominado “Prestación del servicio de ayuda en el hogar en las modalidades de libre concurrencia y dependencia del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro”, e a documentación obrante no mesmo.



## Concello de Viveiro

Vistos os informes de Secretaría e Intervención obrantes no expediente.

Vista a proposta da Alcaldía para aprobación do expediente.

Non existindo debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta obrante no expediente, co seguinte contido:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar á empresa IDADES S.L, con CIF B36577542, polo prazo de dous anos e polo prezo unitario por hora de 20,19 euros, IVA non engadido, e pola seguinte oferta conxunta:

Nº	CRITERIOS	CONCEPTO	OFERTAS
			IDADES
1		Oferta económica Precio unitario por hora (IVA non engadido)	20,19 €/h
2	Melloras	Unidades de camas articuladas con complementos, engadido o colchón.	4
		Unidades de grúas	4
3		Unidades de horas de cursos de formación por traballadores para os traballadores en persoal	33
4	Mecanismos supervisión prestación	Dispoñibilidade de dispositivos de verificación horaria	SI
		Dispoñibilidade elementos seguimento e control dispositivos	SI

O número máximo total de horas anuais ascenderá a 83.000 horas.

Tendo en conta o número máximo de horas previsto anualmente (83.000), prevendo unha data de inicio o 1 de decembro, e o número de horas consumidas, o máximo de horas para o que resta do exercicio 2024 ascenderá en total a 6.917 horas.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao licitador adxudicatario e ao resto de licitadores, e publicalo no perfil do contratante. Esta publicación debe realizarse no prazo de 15 días, segundo o establecido no artigo 151.1 LCSP.

A notificación da adxudicación debe conter a información necesaria, que permita aos interesados no procedemento interpoñer recurso suficientemente fundamentado contra a decisión de adxudicación. O artigo 151.2 establece a información mínima que en todo caso debe figurar na resolución de adxudicación, debendo terse en conta así mesmo ao disposto no artigo 155.

A notificación deberá realizarse por medios electrónicos, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Décimo Quinta da LCSP.

**TERCEIRO.-** A formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. Os servizos dependentes do órgano de contratación requirirán ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel no que houbera recibido o requirimento, unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles referido sen que se houbera interposto recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso houbera levantado a suspensión.

**CUARTO.-** Establecer como data de inicio da prestación, unha vez transcorrido o prazo de quince



## Concello de Viveiro

---

días hábiles dende a notificación da adxudicación, sen que se houbera interposto recurso que leve aparelada a suspensión da formalización, e consecuentemente, unha vez formalizado o contrato, en dito suposto, o 1 de decembro de 2024.

#### **4.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS NUMERO 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES, NUM 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E NUM 24 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. (EXPTE.- 2715/2024)**

Visto o expediente para a modificación das ordenanzas fiscais número 1 reguladora do imposto de bens inmobles, num 2 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras e num 24 reguladora do imposto sobre actividades económicas.

Visto os informes incluídos no expediente.

Vista a proposta da alcaldía para a aprobación do expediente.

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcadesa, que concede a palabra á concelleira de emprego, promoción económica e mercados.

Intervén D<sup>a</sup> Iria Cotelo Cociña, Concelleira de emprego, promoción económica e mercados, explicando as modificacións que teñen as ordenanzas informando que se traen estas modificacións para intentar impulsar o establecemento de novas empresas no Concello e favorecer a xeración de emprego, favorecendo que o Concello poida acceder a concello emprendedor e dese xeito ter a oportunidade de acceder a determinadas subvencións. Tamén fala das melloras que son necesarias no parque empresarial, sendo máis sinxelo optar a axudas para estas melloras mediante esta medida. Recorda que traer ao pleno estas modificacións nesta data facilita que se poidan efectuar as bonificacións no 2025, explicando que para poder ser efectivas deben ser aprobadas polo pleno.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestando este punto ía no programa electoral do seu partido e lamenta que non se tivese tomado esta iniciativa antes. Indica que van votar a favor da proposta.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, recordando que esta iniciativa xa se trouxo a pleno no 2015 e no 2017 e informa que naquel intre o PSOE votou en contra debido a que había un informe de intervención que dicía que non se podía rebaixar porque estaba en vigor o Plan de Axuste e agora hai un informe de intervención positivo e polo tanto van votar a favor. Quere recordar que na comisión informativa a interventora tamén indicou o mesmo, agora cambiaron as circunstancias e reitera o seu voto a favor. Considera que cantas mais subvencións se poidan conseguir para Viveiro mellor.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, manifestando que van votar a favor da proposta unha vez superadas as trabas administrativas que impedían tomar esta medida.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta obrante no expediente, co seguinte contido:

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente as modificacións da ordenanza fiscal n.º 1 reguladora do Imposto de Bens Inmobles nos termos que a continuación se recollen:



## Concello de Viveiro

---

### ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

1.1.- Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria e non figuren entre os ben do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras, ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Para desfrutar da mencionada bonificación, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Acreditación de que a empresa se adica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, o que se fará presentando os estatutos da sociedade
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade, ou fotocopia do ultimo balance presentado diante da AEAT, ós efectos do imposto sobre Sociedades.
- c) A solicitude da bonificación debese formular antes do inicio das obras. Deberá aportar fotocopia da licenza de obras ou do documento que acredite a súa solicitude perante o Concello. Tamén acreditará a data de inicio das obras de urbanización ou construción que se trate, mediante certificación do Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional.
- d) Copia do recibo anual do IBI ou de documento que permita identificar de xeito indubidable a localización e a descrición do ben inmovible, incluída a referencia catastral.

1.2.- As vivendas de protección oficial desfrutarán dunha bonificación do 50% durante o prazo de 3 anos, contados dende o exercicio seguinte ó de outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

A bonificación concederase a pedimento do interesado, e poderase facer en calquera momento anterior ó remate do período de duración da mesma e producirá os seus efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite

1.3 Gozarán dunha bonificación do 95% na cota os bens de natureza rústica das Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/90, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas.

1.4. Gozarán dunha bonificación de ata o 80 % da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos en que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento del emprego, corresponderá dita declaración, previo informe do servizos económicos, ó Pleno da Corporación e acordarase polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A concesión da mesma será a solicitude do interesado e precisará informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

No caso de que concorran circunstancias de fomento do emprego se aplicará a bonificación no suposto da implantación de nova actividade económica ou empresarial, así como aquel outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando impliquen creación de emprego.

A porcentaxe da cota que se bonificará, se determinará en función da creación de novos postos de traballo segundo os seguintes tramos:

- a) O 80 % pola creación de máis de vinte postos de traballo.
- b) O 75 % pola creación de entre once e vinte postos de traballo.



## Concello de Viveiro

c) O 50 % pola creación de ata dez postos de traballo.

Esta bonificación manterase, para cada suxeito pasivo, para os tres exercicios orzamentarios completos seguintes a aquel no que teña lugar o feito imponible.

2.- As bonificacións establecidas nos apartados 1.1 e 1.2 non son acumulables.

Cando, para un mesmo exercicio e suxeito pasivo, concorran os requisitos para o seu disfrute, se aplicará a bonificación maior contía.

O disfrute das bonificacións anteriores e incompatible coas bonificacións establecidas nos apartados 3.2 e 3.3 do presente artigo.

3.1. Durante os dous exercicios seguintes ó do remate do prazo de tres anos definido no apartado 1.2 deste artigo, desfrutarán dunha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto as vivendas de protección oficial, cando os propietarios acrediten, dentro do último ano de disfrute da bonificación indicada, que os ingresos familiares imputados na última declaración do IRPF non excedían de 4,5 veces o salario mínimo interprofesional e se acredite o mantemento na titularidade do inmovible e que este constitúe a residencia do titular.

3.2. Os suxeitos pasivos que, conforme a normativa vixente, ostenten a condición de titulares de familia numerosa na data do devengo do imposto, terán dereito ás seguintes bonificacións na cota íntegra do mesmo, sempre que o inmovible do que se trate constituía a vivenda habitual da familia

Categoría de familia numerosa	% bonificación si valor catastral menor ou igual que 70.000.- €uros	% bonificación si valor catastral entre 70.000 e 100.000.- €uros	% bonificación si valor catastral maior de 100.000.- €uros
1ª	35 %	20 %	5 %
2ª	45 %	30 %	15 %
Honor	55 %	40 %	25 %

Enténdese por vivenda habitual aquela que figura como domicilio do suxeito pasivo no padrón municipal de habitantes.

Para desfrutar da bonificación, deberá presentarse perante a facenda municipal a seguinte documentación:

- Titulo vixente de familia numerosa, expedido pola Administración competente
- Certificado de empadramento ou documento que acredite que tódolos membros da familia que constan no título de familia numerosa están empadroados no domicilio familiar.
- Copia do recibo anual do IBI, ou de documento que permita identificar de xeito indubidable a localización e descrición do ben inmovible, incluída a referencia catastral.

Esta bonificación, que terá carácter rogado, concederase polo período de vixencia do título de familia numerosa e manterase mentres non varíen as circunstancias familiares

Os contribuíntes deberán comunicar calquera modificación ó Concello. A bonificación poderase solicitar ata o 30 de novembro do exercicio inmediato anterior a aquel no que deba ter efectividade, sen que poida ter carácter retroactivo.

**SEGUNDO.-** Aprobar provisionalmente as modificacións da ordenanza fiscal n.º 2 reguladora do Imposto de Instalacións, Construcións e Obras nos termos que a continuación se recollen:

### Artigo 8º BONIFICACIÓNS

1. Beneficiaranse dunha bonificación na cota do 90% do importe do Imposto:

a) As obras de rehabilitación incluídas nos convenios presentes ou futuros que, para actuacións na área de rehabilitación do Centro Histórico de Viveiro, se formalicen entre este Concello e outras



## Concello de Viveiro

---

Administracións públicas.

b) As obras de rehabilitación que se realicen para a localización de empresas comerciais, artesanais, hoteleiras ou de servizos na área de Rehabilitación do Centro Histórico de Viveiro.

A dita bonificación estará condicionada a creación ou nova localización da empresa, debendo permanecer en funcionamento durante un prazo mínimo de tres anos na edificación rehabilitada de acordo coas normas do PEPRI do centro histórico que estea en vigor no momento de outorgar a correspondente autorización.

No caso de incumprimento das condicións anteriores procederase a unha liquidación polo importe bonificado.

c) As obras de rehabilitación e conservación incluídas no Plan especial de protección e reforma interior, do contorno do Convento de Valdeflores.

2. Aplicarase unha bonificación de ata o 95% sobre a cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A concesión da mesma será a solicitude do interesado e precisará informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

No caso de que concorran circunstancias de fomento do emprego se aplicará a bonificación no suposto da implantación de nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando impliquen creación de emprego.

A porcentaxe da cota que se bonificará no caso que concorran circunstancias de fomento do emprego, se determinará en función da creación de novos postos de traballo segundo os seguintes tramos:

- a) O 80 % pola creación de máis de vinte postos de traballo.
- b) O 75 % pola creación de entre once e vinte postos de traballo.
- c) O 50 % pola creación de ata dez postos de traballo.

A bonificación prevista no presente apartado será así mesmo susceptible de aplicación a aquelas construcións, instalacións ou obras que estean localizadas nos futuros PEPRI de Celeiro e Covas, sempre que as mesmas empreguen os materiais e respeten os volumes, tipoloxía construtiva e demais características propias das construcións da zona. A concesión desta bonificación corresponderá ó Pleno da Corporación e en ningún caso excederá do 90% sobre a cota do imposto, debéndose solicitar polo interesado, quen aportará a documentación acreditativa do cumprimento das anteriores esixencias.

3.- Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo . A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor conteñan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.

O suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude da licenza, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor

4.- Establécese unha bonificación do 30 % a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial

Para o disfrute da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento previo á retirada da licenza, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

5.- Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que favorezan as





## Concello de Viveiro

condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.

Para a aplicación desta bonificación será necesario que os proxectos de obras contemplen explicitamente medidas adicionais ás establecidas como obrigatorias e mínimas na normativa Autonómica ó efecto.

6.- As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

- a) solicitude do interesado
- b) informe do Servizo de urbanismo nos apartados tres e cinco deste artigo, informe dos Servizos municipais correspondentes no apartado dous deste artigo e, en todo caso, informe dos Servizo económicos do Concello
- c) acordo da Comisión de Goberno e, no seu caso, do Pleno.

7.- As solicitudes de bonificacións contidas neste artigo se deberán presentar coincidindo coa solicitude das correspondentes licencias.

**TERCEIRO.-** Aprobar provisionalmente as modificacións da ordenanza fiscal n.º 24 reguladora do Imposto de Instalacións Actividades Económicas nos termos que a continuación se recollen:

### Artigo 3º. Bonificacións

1. Establecerase unha bonificación de ata o 80% de la cota íntegra do imposto a favor de inmoables urbanos en que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese o utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento del emprego,corresponderá dita declaración, previo informe do servizos económicos, ó Pleno da Corporación e acordarase polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A concesión da mesma será a solicitude do interesado e precisará informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

No caso de que concorran circunstancias de fomento do emprego se aplicará a bonificación no suposto da implantación de nova actividade económica ou empresarial, así como aquel outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando impliquen creación de emprego

A porcentaxe da cota que se bonificará, se determinará en función da creación de novos postos de traballo segundo os seguintes tramos:

- a) O 80 % pola creación de máis de vinte postos de traballo.
- b) O 75 % pola creación de entre once e vinte postos de traballo.
- c) O 50 % pola creación de ata dez postos de traballo.

Esta bonificación manterase, para cada suxeito pasivo,para os tres exercicios orzamentarios completos seguintes a aquel no que teña lugar o feito imponible.

### Artigo 4º. Data de aprobación e vixencia

Esta Ordenanza, aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 18 de novembro de 2003, e modificada na data 6 de novembro de 2024 e estará en vigor a partir da publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva e se manterá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**CUARTO.-**Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado e demais trámites que sexan de aplicación, entrando en vigor a partir da publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva.



## Concello de Viveiro

### 5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DEMAIS SERVIZOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PRESTADOS NO CONCELLO DE VIVEIRO PARA O ANO 2025 (EXPTE.- 7165/2024)

Visto o expediente para a modificación da ordenanza non fiscal reguladora dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro, depuración de augas residuais e demais servizos e actividades complementarias prestados no concello de viveiro para o ano 2025.

Visto os informes incluídos no expediente.

Vista a proposta da alcaldía para a aprobación do expediente.

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcadesa, que concede a palabra Dna. Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía.

Intervén Dna. Miriam Bermúdez García, primeira Tenente de Alcaldía, explicando a modificación que se fai anualmente segundo consta no contrato para aumentar o IPC.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, manifestando que van votar a favor da modificación pero recorda que aínda está pendente a eliminación do mínimo de 14m<sup>3</sup> que penaliza aos que non consomen esa cantidade e entende que dese xeito non se fomenta a minorización do consumo e favorécese engordar as facturas da empresa contratista. Solicita que se modifique ese mínimo no futuro.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, informando que hai que aplicar o que expón o contrato e un dos puntos é aplicar a subida do IPC.

Intervén Dna. Miriam Bermúdez García, primeira Tenente de Alcaldía, informando que sobre a eliminación do consumo mínimo xa se está a traballar no estudo de tarifas, recordando que é un estudo moi complexo pero hai intención de sacalo canto antes.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, reiterando a solicitude de potenciar que se consuma menos auga e para iso entende que hai que incentivar o menor consumo.

Non existindo máis debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 9 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE, BNG e Por Viveiro e 6 abstencions correspondentes aos concelleiros do grupo PP, co seguinte contido:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación da Ordenanza non fiscal reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro, depuración de augas residuais e demais servizos e actividades complementarias prestados no concello de Viveiro aprobada na data 03 de xullo do 2024 ,por contar cun erro de feito, quedando do seguinte xeito:

TARIFAS 2024		
Mín.trimestral	CUOTA	€/m3



## Concello de Viveiro

		€/MES	
DOMÉSTICO	14 m3	2,45	0,37
HOSPEDAXES, ASILOS E SANATORIOS	49 m3	4,10	0,49
HOSTELERÍA E ALMACENES ALCOHOLES	32 m3	4,10	0,49
GARAXES, TALLERES E INST E COLEXIOS	27 m3	4,10	0,49
FÁBRICAS, TINTORERÍAS, CINES Y TEATROS	42 m3	4,10	0,49
OBRAS, APARCAMENTOS E REGOS	49 m3	4,10	0,49
Sen auga da rede municipal	14 m3	2,45	0,35

**SEGUNDO.-** Aprobar provisionalmente a modificación das tarifas da Ordenanza non fiscal reguladora da servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro, depuración de augas residuais e demais servizos e actividades complementarias prestados no Concello de Viveiro para o ano 2025.

**TERCEIRO.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado e demais trámites que sexan de aplicación, entrando en vigor a partir da publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva.

### **6.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ORDENANZA NÚM. 37 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DE VIVEIRO (EXPTE.- 7655/2023)**

Visto o expediente para a modificación ordenanza núm. 37 reguladora da taxa pola prestación de servizos na piscina municipal climatizada de Viveiro.

Visto os informes incluídos no expediente.

Vista a proposta da alcaldía para a aprobación do expediente.

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcadesa, que concede a palabra ao concelleiro de Facenda.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, explicando a modificación que se trae a pleno da ordenanza nº37, indicando que a última actualización que se fixo foi no ano 2016. Fai referencia a que a piscina conta con un déficit de 300.000 €, indica que ten sobre 1060 persoas inscritas como socios, matizando que o ano pasado foi atípico porque houbo sobre 1300 socios pero nos anos 2022 e 2019 estase nese intervalo entre 1050 e 1150 socios. Recorda que na Comisión Informativa apuntaba o voceiro do PP que variou o panorama ximnástico da vila coa apertura de novos ximnacios aínda que solo hai unha piscina que é a piscina do Concello. Informa que se estivo a esperar para actualizar estes prezos ata a confirmación de poder poñer a deshumectadora e a facer unha nova inversión que se vai a facer para a renovación de aparatos e unha cadeira adaptada para persoas con mobilidade reducida supoñendo sobre 50.000 € mais de inversión, polo que coas inversións que se van realizar parece procedente subir as tarifas tendo en conta que se atopaban de subir dende o 2016.

Neste intre incorpórase ao pleno o concelleiro do Partido Popular D. Domingo González López.

Segue a súa intervención D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, recordando que a piscina é deficitaria e informa que non se poden dar mais cursos dado que a capacidade humana é a que é e indica que hai sobre 200 nenos en cursos.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, entendendo



## Concello de Viveiro

---

que o déficit de 300.000 € é un problema que non se vai solucionar con esa subida, aínda que a subida é elevada. Solicita un esforzo para estudar os custos e poder coñecer se hai maneira de reducir o déficit. Considera que hai que dedicar esforzos e valorar que medidas hai que adoptar. Indica que as instalacións da piscina tiñan unhas deficiencias considerables como goteiras, máquinas envellecidas e oxidadas. Apunta que os ximnacios de fóra teñen unha vantaxe fronte ao Concello, que é que case todos son autónomos e esa xente nova vaise deixar a pel para que o seu negocio saia para adiante. Entende que nese aspecto o Concello non pode competir e débese facer fincapé nas actividades grupais e cursos na piscina que é o factor diferencial que hai a favor. Remata manifestando que hai que minorar o déficit.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, entendendo que o primeiro paso para corrixir o déficit é a mellora as instalacións, das máquinas e a actuación de facer accesible o vaso da piscina, entendendo que dese xeito está xustificada a suba das taxas. Manifesta que este é un primeiro paso e pensa que tamén se deberán valorar outras opcións para intentar que non sexa tan deficitaria pero recorda que o maior custo do servizo é o persoal.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, indicando que vendo que nos datos da piscina se ve que hai uns ingresos de 259.000 € e hai uns gastos de 562.000€, polo que o déficit está preto de 300.000 €, polo que as taxas son deficitarias en máis do 100%. Non entende como con estes datos as taxas non se modificasen dende 2016 e agora suban un 20%; parécelle estraño que con este déficit non se tomasen decisións antes e entende que non é lóxico non tocar os prezos nestes anos tendo tanto déficit. Recorda as palabras da interventora nas que dixo que podía estar moi ben ter un servizo como a piscina pero que había que mirar que non tivese déficit xa que é un servizo non básico. Solicita que se revise este problema xa que entre o conservatorio e a piscina supoñen un millón e medio de euros e con estes servizos ao mellor se penalizan servizos que si son básicos. Considera que a medida de subir un 20% nunha atacada non lle parece moi procedente despois de non subir nos últimos anos. Remata alegando que o déficit está indo a máis e penaliza demasiado.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, indicando que ese 20% parece moito pero traducido en euros serían cincuenta céntimos ao ano neses anos dende 2016 e nunha tarifa individual suporá unha suba de 4€. Informa que o ano pasado houbo meses que se pagaron 11.000 € de luz, e non se usa esa luz para queantar a auga xa que para iso hai unha caldeira de astilla, afirmando que é un servizo impropio pero a propia interventora dixo que agora que está non se ía quitar. Entende que agora que se poden facer inversións fortes e necesarias parece que procede revisar as tarifas, e recorda que na pandemia tamén se fixeron reformas e adquiríronse equipos. Remata recoñecendo que é distinto o que se quere facer do que se pode.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, recordando que o luns tiveron unha reunión co xerente da piscina e preguntouse cal era o exceso da demanda contra a oferta para actividade de grupo, dicíndose que se triplicaba. Aínda que entende que poida haber un problema no tema de persoal, considera que se debería estudar. Recorda que se compite con empresas de Viveiro ofrecendo un servizo máis barato fronte a autónomos de Viveiro, non lle parecendo moi leal e solicita un estudo detallado de cara ao futuro xa que considera que o déficit vai seguir.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicando que a media dun ximnasio en Viveiro está en 30€ e hai acceso libre a actividades e máquinas. Recorda que na piscina páganse 24€ máis o que custa a actividade e entende que aí está a diferenza, onde considera que hai que facer unha remodelación das tarifas, polo tanto entende que o Concelleiro de PP non realiza un correcto plantexamento.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, reprochando que aínda que se falou na comisión desa reunión do luns logo non se enviou convocatoria, aclarando



## Concello de Viveiro

a Sra. Alcaldesa que xa se quedara na Comisión para o luns ás dúas e por iso non se mandou convocatoria.

Continúa a súa intervención D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, comentando que entende que esta suba mantendo os usuarios do 2023 supón aproximadamente unha suba dos ingresos de 56.000 €, polo que se vai manter un déficit de 250.000 €. De tódolos xeitos recorda que se esta subida fose graduada xa daría mais ingresos nos anos anteriores e reitera que non atopa razoable que non tivesen subido as tarifas dende 2016.

Intervén a Sra. Alcaldesa aclarando que non subiron antes xa que a piscina tiña carencias e agora ao facer as inversións xa realizadas e a previsión de facer outras consideran que é o momento. Alega que non hai máis actividades debido a que non hai persoal e informa que na RPT xa se incluíron a xornada completa postos que estaban a media xornada e por taxa de reposición polo de agora non se pode aumentar máis persoal aínda que está previsto.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 9 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE, BNG e Por Viveiro e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo PP, co seguinte contido:

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente as modificacións da ordenanza fiscal núm. 37 reguladora da taxa pola prestación de servizos na piscina municipal climatizada de Viveiro nos termos que a continuación se recollen:

1. Se modifica o punto 2 do artigo 5 , que queda redactado da seguinte maneira:

Artigo 5. Cota tributaria

1.- A cota tributaria regulada nesta ordenanza será a fixada no cadro de tarifas contidas nas alíneas seguintes, para cada un dos distintos servizos ou actividades.

2.- A tarifa desta taxa será a seguinte:

MODALIDADES	PREZO MENSUAL €	
	ABONADO	EVENTUAL
1. ABONOS ( Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade igual o superior á 33%)		
Individual	28,8	
Xove	24	
Familiar		
Titular	28,8	
Cónxuxe	4,8	
Fillos(de 3 a 17)	4,8	
Fillos(de 0 a 2)	gratis	
Terceira idade:		
1 membro	20,4	
2 membros	30	
Matinal	21,6	



## Concello de Viveiro

Abono fin de semana (dende venres ás 14:30h)	18	
<b>2. BONOS E SERVIZOS</b>		
Bonos de cotas: 10 sesións adulto 10 sesións reducido(-16/+60) ( Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade maior o igual á 33%)		36 24
Bonos especiais: 10 sesións estudantes 10 sesións desempregados * Validez seis meses ( Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade maior o igual á 33%)		24 24
Entradas: Normal Reducida (-16/+60) ( Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade maior o igual á 33%) .		4,8 3
Masaxes. 1 masaxe 10 masaxes	15,6 108	25,2 204
Aluguer calle 1h	18	30
Aluguer bicicletas spinning 1h	2,4	2,4
Sesión actividades sala	3,6	3,6
<b>3. CURSOS DE AUGA</b>		
Iniciación adultos 3 días		
Adultos: Iniciación adultos 3 días Iniciación adultos 2 días Medio adultos 3 días Medio adultos 2 días Perfeccionamento adultos 3 días Perfeccionamento adultos 2 días	20,4 15,6 20,4 15,6 20,4 15,6	40,8 31,2 40,8 31,2 40,8 31,2
Infantil (3 a 5 anos): Iniciación infantil 3 días Iniciación infantil 2 días Medio infantil 3 días Medio infantil 2 días Perfeccionamento infantil 3 días Perfeccionamento infantil 2 días	15,6 12 15,6 12 15,6 12	31,2 24 31,2 24 31,2 24
Nenos (6 a 16 anos) Iniciación nenos 3 días Iniciación nenos 2 días Medio nenos 3 días	15,6 12 15,6	31,2 24 31,2



## Concello de Viveiro

Medio nenos 2 días	12	24
Perfeccionamento nenos 3 días	15,6	31,2
Perfeccionamento nenos 2 días	12	24
Bebes (0 a 36 meses) 2 días	12	24
Auga-pilates 2 días	15,6	31,2
Auga-fitness 2 días	15,6	31,2
Natación entreno-competición 2 días	16,8	33,6
<b>4. CURSOS DE SALA</b>		
Aerobic 3 días	16,8	33,6
2 días	12	24
Spinning 3 días	24	48
2 días	19,2	38,4
Pilates 3 días	19,2	38,4
2 días	14,4	28,8
Fitball 3 días	19,2	38,4
2 días	14,4	28,8
Ioga 3 días	24	48
2 días	19,2	38,4
Intervalos 3 días	19,2	38,4
2 días	14,4	28,8
Tri deporte ( 3 días)	18	36
<b>5. CURSIÑOS (QUINCENAS)</b>		
PREZO QUINCENA €		
Bonos de verán		
Individual		20,4
Xove		15,6
Familiar		30
3ª idade 1 membro		15,6
3ª idade 2 membros		25,2
Vacacións deportivas	27,6	48
Natación		
Adultos	20,4	40,8
Infantil	15,6	31,2
Neno	15,6	31,2



## Concello de Viveiro

**SEGUNDO.-** Se modifica a disposición derradeira , nos seguintes termos:

### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 10 de novembro de 2011 e modificada polo mesmo o 29 de decembro de 2015, 11 de outubro de 2017 e 6 de novembro de 2024, estará en vigor a partir da súa publicación definitiva no boletín oficial da provincia e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

### 7.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA 2024, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO (EXPTE.-7299/2024)

Vista a proposta da Alcaldía referente á Modificación do Orzamento para 2024, vía Suplemento de Crédito, que se transcribe a continuación:

*“Asunto: Proposta de Modificación do Orzamento do Concello de Viveiro para 2024, vía suplemento de crédito.*

*Logo de ver informe de intervención sobre modificación de crédito e demais documentación, é preciso dotar de maior consignación mediante unha modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito, considerando a necesidade e urxencia de tramitar as facturas de subministro de enerxía eléctrica do exercicio 2024.*

*Polo exposto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento 2024, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:*

#### Suplemento de Crédito:

Aplicacións orzamentarias			Importe
1650	22100	Enerxía eléctrica. Alumeado Público	55.934,36 €

#### Financiamento:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
420.00	Participación nos Tributos do Estado	55.934,36 €

*SEGUNDO. - Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”*

Visto os informes e memorias que obran no expediente.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que, sintetizadamente, transcorre do seguinte





## Concello de Viveiro

---

xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa, que concede a palabra ao Concelleiro de Facenda.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, explicando a modificación do orzamento na que explica que por parte de Intervención considerouse que podería aplicarse ao gasto da luz un remanente que xorde da cantidade resultante da participación dos tributos do Estado.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, propoñendo que cando haxa un tema técnico importante nas Comisións vaia o técnico responsable para poder formularlle preguntas ou dúbidas. Segue a súa intervención alegando que é unha pena que nun ano no que o Concello tivo ingresos extraordinarios non se adiquen á inversión e que se teña que adicar todo a pagar gasto corrente. Informa que a luz vai supoñer sobre un millón de euros ao final de ano, e entende que se están dilapidando os cartos en pagar gastos correntes, considerando que debese facer unha reflexión para evitar isto. Reprocha que aínda que saben que se está a facer un estudo, non teñen coñecemento do que se esta a facer, recordando que houbo unha charla de comunidades enerxéticas e sendo un tema moi complexo que necesita dun estudo complexo, deberíase valorar e considera que todos os grupos políticos deberían ser participes en temas importantes como este, xa que tanto no ano 2023 como no 2024 o gasto en luz foi moi importante.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, recordando que xa se dixo que o sobrecusto da factura da luz xa estaba atallado, a auditoría xa está finalizada e a semana que ven hai unha reunión coa empresa para ver esa documentación. Engade que como é unha documentación que está en estudo non se fai aínda participe á oposición xa que non hai unha decisión tomada en firme, sinalando que chegado o momento valorarase esa cuestión. Informa que se non se realiza esta modificación de crédito para pagar as facturas da luz quedaría o Concello como debedor e con este estudo vaise conseguir un importante aforro.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, recordando que o ano pasado co contrato que había o burato foi importante e ese burato penaliza o ano 2024, aínda que se compensa un pouco dende abril no se da chegado tampouco. Indica que está de acordo co voceiro do grupo municipal do PP no que atinxe a que os fondos do Estado, no caso de que puidese, deberían ir a outras cousas. Pagar hai que pagar e así logo entende que non virá un Recoñecemento Extraxudicial de Crédito.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, considerando que fágase o que se faga sempre hai a quen lle gusta máis ou menos pero alega que neste caso os servizos e subministro teñen que pagarse, recordando que os concellos teñen caixa única para todas as actuacións. Informa que cando se fixo o orzamento contábase cunha estimación desa cantidade de participación nos tributos do Estado extraordinaria, pero esa cantidade ao final foi superior e non se contaba con ela, aínda que ao final non puido ser usada para inversións.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, contestando a concelleira do BNG que o que se está a facer é derrochar, sinalando que se un humilde fogar paga un prezo pola luz e o Concello paga o triple polo mesmo servizo, é derrochar, xa que iso pasa por non ter renunciado a un contrato que non ten unhas condicións vantaxosas. Entende que pagar o prezo do mercado non é aforrar, é pagar o que custa. Afirma que hai que pagar as facturas pero reprocha que se hai tempo e forma para renunciar a un contrato non vantaxoso hai que facelo.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aclarando que o concelleiro do PP dixo dilapidar e contestou en función dese termo, entende que se consegue unha rebaixa da factura da luz é un aforro.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, indicando que parece que se fan as



## Concello de Viveiro

cousas ao chou, explicando que se fixo un contrato a través dun acordo marco coa FEMP, presentáronse tres grandes empresas e saíu unha con unhas condicións. Indica que para o ano 2023 colleron os datos do último trimestre do 2022 cando estaba a luz pola nubes, recordando que valorouse tanto con Intervención como con Secretaria a rescisión do contrato e había unha penalización e optouse por non facelo ao ter as previsións para 2024 máis baixas, polo que se optou por seguir a pesar do apreto económico do 2023 e recorda agora parte dese desfase económico págase no 2024.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 8 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE e BNG e 8 abstencions correspondentes aos concelleiros do PP e Por Viveiro, co seguinte contido:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento 2024, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

### Suplemento de Crédito:

Aplicacións orzamentarias			Importe
1650	22100	Enerxía eléctrica. Alumeado Público	55.934,36 €

### Financiamento:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
420.00	Participación nos Tributos do Estado	55.934,36 €

**SEGUNDO.** - Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

## 2ª PARTE: PARTE DECLARATIVA

### 1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE CON RESPECTO Á SUBA DO CANON QUE OS CONCELLO ABONA A SOGAMA POLA XESTION DOS SEUS RESIDUOS.

Intervén a Sra. Alcaldesa para informar que por parte de alcaldía retirasae do punto do día a moción presentada polo grupo municipal do PSOE.

### 2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS.

Vista a moción presentada polo grupo municipal do BNG que se transcribe a continuación:

*“O anuncio da Xunta de Galiza do incremento do canon de SOGAMA para 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, suporía un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasaría dos 68 euros/tonelada da*



## Concello de Viveiro

primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Un auténtico sablazo e un atraco que merece unha resposta contundente por parte dos concellos. No outono de 2022 a Xunta incluíu no borrador de orzamentos para 2023 a supresión da bonificación do 10% do canon para aqueles concellos que implantasen a recollida separada dos biorresiduos e repercutisen a bonificación nos recibos que paga a veciñanza. Logo dun rexeitamento xeneralizado en vésperas das municipais, Rueda anunciou no parlamento o incremento da bonificación até o 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e quinto colector ou colector marrón, medida que se comezou a aplicar no ano 2023.

A mediados do ano 2024 a Xunta elimina a bonificación e incrementa o canon nun 30%, dos 68 aos 88 euros por tonelada (os concellos con bonificación do 15% pagaban 56 euros por tonelada).

E agora anuncia un novo taxazo para 2025 que elevaría a factura até os 108 euros (suponse que a medida se tramitará na lei de acompañamento dos orzamentos de 2025).

Desde o BNG consideramos que este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema SOGAMA, baseado en solucións finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados pola normativa europea de residuos.

A Xunta xustifica a necesidade deste incremento polo desfase nas contas de SOGAMA como consecuencia de decisións do goberno central, que tiveron unha repercusión de 21,3 millóns de euros nas contas da empresa en 2023. Aínda que a Xunta procure excusas e xustificacions externas, a causa do desfase económico de SOGAMA e dos seus números vermellos é a ineficiencia e o elevado custo do transporte, a xestión centralizada e a incineración de residuos, e, sobre todo, o erro que supón optar en exclusiva pola opción absolutamente superada da incineración.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

En lugar de abrir un debate sobre a cuestión dos residuos e introducir cambios no sistema de xestión para adaptado ás esixencias da directiva marco de residuos, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso dun sistema centralizado, obsoleto, moi custoso e antiecolóxico. A Xunta opta pola solución fácil dun novo sablazo aos concellos, seguindo coa súa especialidade de buscar culpables en lugar de propoñer solucións. o novo taxazo anunciado para o 2025 (que levará o canon a 108 euros por tonelada), o que supón un incremento total de máis do 60% de media en poucos meses (o incremento é maior para os máis de 100 concellos que pagaban un canon bonificado de 56 euros por tonelada a cambio de implantar a recollida separada dos biorresiduos.

Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

- Rexeitamento aos taxazos de SOGAMA (o aprobado en Xullo e o anunciado para 2025) que a Xunta de Galiza pretende aprobar.
- Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, fronte ao custoso e antiecolóxico sistema SOGAMA baseado na incineración.
- Solicitar a creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano - e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliar e comunitaria."

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, procedendo á lectura da moción presentada.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, informando



## Concello de Viveiro

que é unha taxa imposta polo goberno central que vai directamente á tonelada procesada e que non ten que pagar só Sogama senón que tamén teñen que pagar os pequenos xestores de residuos polo que ao final vai ser asumido por cada veciño. Informa que noutros países da UE non se estableceu ese imposto. Indica que o modelo SOGAMA é un sistema baseado na separación de residuos e no que agora se vai implementar o contedor marón e iso vai ser beneficioso para o concello dado que en Viveiro xa está implantado. Informa que en Viveiro procesáronse 6000 toneladas no ano 2023 e repróchalle á concelleira do BNG que cargase contra o modelo de Sogama pero non explicase cal é a contrapartida do modelo do BNG no que se fala de ter plantas de proximidade e pregúntase onde se vai poñer unha planta de xestión xa que é una opinión impopular debido a que ningún veciño a quere cerca. Engade que nos entornos rurais a xente xestiona o seus residuos e no urbano é onde se deberían centrar os esforzos, recordando que aínda non hai datos para valorar se é un éxito ou non a implantación da recollida orgánica no Concello para saber se foi efectiva a medida. Insiste recordando que a Sogama cambiáronlle as regras do xogo á metade da partida e de aí sae todo isto.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, informando que están de acordo coa moción xa que entende que ao final séguese a gravar aos concellos con estes canons. Recorda que no 2014 o PP subiu o canon de Sogama nun 33,5%, o que provocou un gran rexeitamento dos concellos e da FEGAM. Continúa recordando que despois, coa proximidade das eleccións, a Xunta aprobou a bonificación do 10% para incentivar aos Concellos para mellores políticas e logo fixo unha bonificación do 15% para incentivar a recollida de orgánica, e agora non hai esta bonificación, suprimíndose, o que vaia ocasionar un segundo gran impacto nas arcas municipais e no recibo dos veciños. Informa que aínda que se di que Sogama é empresa privada el entende que é unha empresa semipública xa que a Xunta ten un 51%. Pregúntase se é verdade que Sogama ten perdas inasumibles considerando que non é así xa que van subir os ingresos pola venda de enerxía. Engade que está claro que a Xunta quere recuperar perdas e alega que ao mellor poderíase facer doutro xeito. Comparte a opinión de que ninguén quere empresas con malos olores cerca pero ese sobrecusto evitaríase con plantas de proximidade para non ir a Cerceda. Remata entendendo que hai que solicitar que se rebaixe a maior cantidade posible na tonelada de residuos.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, informando que vai a votar a favor da moción, aínda que non lle quedou claro xa que agora falase que volve a subir o canon a 108 €, aínda que había anuncios de que ía a haber bonificacións, e polo tanto non sabe se está plasmado porque agora no recibo de cada vivenda ven un canon de 20€ a cada veciño e non veu esa cifra na moción, se non hai bonificación teme que se duplique o canon actual. Comenta que lle gustaría incidir no punto 3 de solicitar esa reunión para intentar ese acordo xa que a auga, lixo e rede de sumidoiros que hai uns anos era módico agora convertese en algo inasumible e remata preguntando se saben se vai haber bonificacións da Xunta.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, informando que Sogama pertence nun 51% da Xunta e nun 49% de Naturgy, polo tanto é unha empresa participada. Informa que o 80% do lixo que entra en Sogama acaba en vertedoiro ou incineración, mentres que o 20% sepárase, recordando que ten penalización por Europa polo modelo de xestión. Tamén fai alusión a que nas facturas de Sogama entre xaneiro e xuño estaba a tonelada en 68,05 € e as de agora veñen a 88,05 € aínda que se di que a Xunta vai bonificar ata o de agora non está comunicado de que maneira e en xaneiro virá a factura a 108€. Remata reiterando que de momento non se notificou pola Xunta á FEGAMP nada ao respecto.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, propoñendo unha emenda a esta moción, que le a continuación na que propón:

1.- Esixir ao goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade de tratamento dos residuos.



## Concello de Viveiro

---

2.- Esixir ao goberno central que recupere a retribución ao investimento en plantas termoeléctricas como Sogama á que tiña dereito ata o final da súa vida útil no 2026 e unha vez o goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para o ano 2025.

Comenta que en Alemaña hai 100 plantas como Sogama e ten respecto ao medio ambiente, indicando que se a concelleira do BNG quere outro modelo debería explicar cal é o plan B. Con respecto ao que comentaba o concelleiro de Por Viveiro indica que os obxectivos que se perseguen son ou ben a redución de residuos ou incentivar a separación de residuos e informa que as bonificacións van nese sentido. Informa que o obxectivo no caso de Viveiro e que se vai cumprir xa que a 1ª Tenente de Alcaldesa fixo os deberes nese sentido e a bonificación vai ir aparelada. Remata estimando que o incremento para o Concello vai ser sobre 100.000€ ao ano.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, recordando que neste concepto non manda o Concello senón que ven imposto pola Unión Europea.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, reiterando que séguese sen ter cuantificado a cantidade da factura de xaneiro, se van ser 108€ ou non. Considera que é importante saber a canto van pasar os 28,45 € que asumen os veciños se non hai bonificación. Remata dicindo que a FEGAMP podería ter feito mais ruído con isto.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, informando que non acepta a emenda proposta polo concelleiro do PP, xa que entende que se a acepta estaría contribuíndo a soste un modelo antiecolóxico. Engade que estaría encantada de ter información por parte da Xunta sobre como vai a ser o recibo en xaneiro pero non hai esa información nin se trasladou á FEGAMP. Remata dicindo que non pode darse a cifra de xaneiro xa que non se coñece.

Non existindo máis debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 9 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE e BNG, 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo PP:

**PRIMEIRO.-** Rexeitamento aos taxazos de SOGAMA (o aprobado en Xullo e o anunciado para 2025) que a Xunta de Galiza pretende aprobar.

**SEGUNDO.-** Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, fronte ao custoso e antiecolóxico sistema SOGAMA baseado na incineración

**TERCEIRO.-** Solicitar a creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 - antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano - e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliar e comunitaria.

### **3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA IMPULSAR A REHABILITACIÓN, CONSERVACIÓN, ACCESO E SERVICIOS DO CEMITERIO MUNICIPAL.**

Vista a moción presentada polo grupo municipal PP que se transcribe a continuación:

*"IMPULSAR LA REHABILITACIÓN, CONSERVACIÓN, ACCESO Y SERVICIOS DEL CEMENTERIO MUNICIPAL*

---



## Concello de Viveiro

### EXPOSICIÓN

El PP hace exactamente un año, en el pleno del 8 de Noviembre del 2023, le trasladaba al gobierno vivariense la necesidad de atender e invertir en el cementerio municipal de la Altamira. Recordaba las iniciativas y sugerencias de los diferentes grupos de la corporación al respecto de las mejoras e inversiones que deberíamos acometer en este espacio, tanto en infraestructura como en servicios, y le reclamaba el diseño de mejores accesos, la creación de aceras y la ampliación de las zonas de aparcamientos. Un año después la situación no se ha resuelto:

1.- Ni se han cumplido los acuerdos tomados en el pleno del 11 de Diciembre del 2019 por unanimidad (**"habilitar, ou, de ser necesario adquirir, espazos públicos para o aparcadoiro de vehículos nas inmediacións do camposanto municipal e se melloren os accesos para persoas con mobilidade reducida"**).

2.- Ni se ha sellado el cierre perimetral (**el muro lateral de cara al monte San Roque que lleva más de 20 años esperando una solución**). Entendemos que tampoco se ha diseñado un plan de mejora en las instalaciones interiores y en las inmediaciones.

Tras esta iniciativa, y a sabiendas de que la carretera que recorre Antonio Bas y asciende hacia San Roque pasando por el cementerio es competencia de la Diputación de Lugo, hemos requerido públicamente a esta institución para que contribuya, se interese y participe en un posible proyecto de mejora en el entorno del Cementerio liderado por los técnicos municipales y acorde a las necesidades planteadas.

No obstante el recinto interior del camposanto y el muro que lo circunda es competencia única y exclusiva del Concello por lo que, el mantenimiento y mejora del pavimento de sus calles, la apuesta por la accesibilidad, así como la reconstrucción del muro lateral habrán de acometerse con financiación municipal, convenios y/o subvenciones gestionadas con las diferentes administraciones.

Por último, en Abril del 2018 el concello proclamaba que se cubriría la plaza del personal que se encargaba del mantenimiento, guardia, custodia y trabajos derivados de las acciones propias de un cementerio. El 4 de septiembre del 2019 la alcaldesa, a pregunta del PP, reconocía que sería necesario incluirla en la RPT. Desconocemos pues si existe a día de hoy intención de cubrir esta plaza.

Es por eso que instamos al Gobierno municipal a:

- 1.- Gestionar con la Diputación un Convenio de colaboración para la mejora y la seguridad en el entorno y accesos en la carretera de su titularidad a su paso por el cementerio municipal en Viveiro.
- 2.- Reservar una partida en los presupuestos 2025 para adecuar las infraestructuras y servicios en el cementerio municipal.
- 3.- Solucionar definitivamente la plaza del personal destinado al cementerio Municipal de la Altamira."

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D. Pablo Varela Sanchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, matizando que segundo a RAE son sinónimos dilapidar e derrochar, en relación ás intervencións do punto 7 deste pleno, continuando a súa intervención procedendo á lectura da moción presentada.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, informando que están a favor da moción. Recorda que no cemiterio se foron facendo melloras segundo os orzamentos ían permitíndoo. Indica que no 2017, en maio, faleceu a persoa que estaba de enterrador e dende ese intre tratouse de cubrir a praza pero pola taxa de reposición na administración, que obriga a que para poder cubrir unha praza ten que xubilarse un funcionario, non serve que sexa un persoal temporal e houbo anos que non se puido cubrir debido a que non había taxa de reposición. Informa que se vai sacar a praza, que xa está aprobada. Informa que a estrada é provincial e non sabe se técnicamente é viable a ampliación, indicando que había un proxecto de ampliación do cemiterio que prevía unha ampliación na parte de arriba, pero a empresa que estaba tramitando daquela a execución deu suspensión de pagos e quedou parada. Comenta que no 2018 houbo un deterioro do muro perimetral e conseguiuase que o executase a Deputación con 95.000€. Remata a intervención entendendo que o cemiterio require unha atención personalizada e polo tanto está de acordo coa moción.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comentando que resulta curioso observar como o grupo do Partido Popular, insiste en traer a debate propostas que o equipo de goberno xa ten en marcha. Informa que se está a realizar unha



## Concello de Viveiro

---

revisión das concesións con unha xestión de documentación incrible, precisando dixitalizar eses procesos e proponlle a grupo do PP que inclúa ese dato na seguinte proposta que traía a pleno, xa que se veñen traendo proposta sobre o que xa se está facendo. Engade que tamén se está a traballar no regulamento do cemiterio e reitera que esa proposta tampouco ben na moción. Remata informando que se estima que 2025 poderán contar cos fondos precisos para reparar o muro do cemiterio e que se incorpore un novo enterrador.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, informando que vai votar a favor da proposta, entendendo que son patentes os problemas do cemiterio, tanto en accesibilidade, como en aparcadoiro, ou na reparación do muro. Remata considerando que tanto a dixitalización como o contido desta mocion son moi importantes.

Intervén D. Pablo Varela Sanchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, alegando que a moción foi rexistrada 4 ou 5 días antes da convocatoria do Pleno e en vez de debatela en pleno, a concelleira do BNG saíu en prensa contestando a todos os puntos da moción na Voz de Galicia. Considera que é unha falta de respecto ao pleno e pregunta se vai ser sempre así xa que se é así entende que sentaría un precedente pouco democrático. Recorda que o posto de enterrador leva vacante 7 anos e que no 2018 xa o tenente da alcaldía dicía que tiña intención de repoñelo canto antes. Pasa a citar as actuacións necesarias como a zona de aparcadoiro fronte á entrada principal que é moi escasa e entende se debería ampliar, as beirarrúas que levan ao cemiterio que son moi estreitas, o muro lateral que leva mais de 20 anos esperando solucións, as instalacións interiores que están en mal estado, o pavimento esnaquizado e a accesibilidade en xeral, que é moi limitada. Cita tamén a falta de nichos dispoñibles que obrigaría a actuar con unha ampliación do cemiterio ou calquera outra actuación precisa.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, alegando que cando se dixo que canto antes, era así, pero non se puido pola taxa de reposición e reitera que como xa comentou na oferta de emprego público de 2024 vai esa praza ofertada. Recorda que esa regularización que di a tenente de Alcaldesa comezouse en 2007, no mandato do PSOE, con unha regularización xeral que nun principio contaba cun prazo de tres anos para regularizar esas concesións administrativas. Engade que no 2011 non se deu rematado, e no 2014 o pleno modificou parcialmente o regulamento e ampliouse o prazo ata 2019 e aínda se segue regularizando, indicando que neste tempo cambiaron varias normas e neste intre a concesión só pode estar a nome dunha soa persoa. Remata matizando que cando se di que se vai facer algo é porque se pretende e recorda que o cemiterio dende o 2017 nunca estivo desatendido.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, invitando ao grupo municipal propoñente da moción a que antes de criticar se informe do tempo e trámites que hai que facer para levar a cabo as actuacións. Alega que non hai máis interesado que o propio goberno en facer as actuacións e poderían preguntar por que non se puido cubrir esa praza. Indica que a finalidade do pleno é dar transparencia e o goberno está sendo transparente e traslada a información de forma correcta, sen faltar á verdade nin debuxala como o fai o PP.

Intervén D. Pablo Varela Sanchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, reprochándolle á Primeira Tenente de Alcaldía que se está habituando a facer moitas promesas, moitos anuncios, moitas auditorías e moitas reunións que ao final non se traducen en nada. Pregúntalle se o tratamento que lle van dar ao cemiterio vai ser igual que o da praza de abastos, o do paseo fluvial, o da praia de Sacido, o dos parques infantís ou o do foro económico, e considera que sería interesante saír co compromiso dunha partida para o 2025 destinada a adecentar as infraestruturas e servizos do cemiterio. Engade que de parte do PSOE pouco esperan pero da voceira do BNG esperaban un pouco mais. Apunta que repasando facturas do cemiterio hai dúas facturas polo mesmo concepto de dúas empresas de servizos funerarios, unha de 3500 € e outra de case 4.000 en tres meses e solicita unha explicación desas facturas.



## Concello de Viveiro

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, matizando que para o PP todo está mal. Con respecto ás facturas informa que hai dúas facturas polos mesmo concepto pero se se mira o corpo das factura poderá verse que os defuntos son distintos. Indica que se se cubre a praza xa será o enterrador o que faga ese servizo e remata alegando que segundo as intervencións do PP parece que son todos delincuentes.

Intervén a Sra. Alcaldesa comentando que xa estaba dito antes que había dúas empresas pero veñen con guión e dise o que se trae de tódolos xeitos.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta obrante no expediente, co seguinte contido:

**PRIMEIRO.-** Gestionar con la Diputación un Convenio de colaboración para la mejora y la seguridad en el entorno y accesos en la carretera de su titularidad a su paso por el cementerio municipal en Viveiro.

**SEGUNDO.-** Reservar una partida en los presupuestos 2025 para adecentar las infraestructuras y servicios en el cementerio municipal.

**TERCEIRO.-** Solucionar definitivamente la plaza del personal destinado al cementerio Municipal de la Altamira.

### 4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO PARA A ACTIVACIÓN DA VARIANTE DE VIVEIRO. TRAMO DENDE AREA ATA LANDROVE.

Vista a moción presentada polo grupo municipal de Por Viveiro que se transcribe a continuación:

*“MOCIÓN PARA A ACTIVACIÓN DA VARIANTE DE VIVEIRO. TRAMO DENDE AREA ATA LANDROVE.*

*E ben coñecido o déficit de infraestruturas por estrada que padece o concello de Viveiro, déficit que ademais, de limitar a realización de desprazamentos por estrada con rapidez e seguridade, lastra e dificulta o desenvolvemento económico do noso Concello.*

*Despois da decisión do goberno central de levar a autovía A8 ata Vilalba, a Xunta de Galicia promete a construción dunha vía de alta capacidade entre San Cibrao e Ferrol, para compensar dos efectos desta medida ós concellos da Mariña e Ortegal, vinte e cinco anos despois unicamente están en servizo dous tramos, as variantes de Xove e Ortigueira. Esta vía de alta capacidade incluía o compromiso da construción da variante de Viveiro, un dos factores fundamentais do devandito déficit de infraestruturas e que implica que todo o tráfico de entrada e saída de Viveiro teña que circular pola ponte da Misericordia e pola Travesía da Mariña, feito que provoca importantes retencións nas épocas de moita afluencia: meses de verán, Semana Santa e Festival Resurrección Fest, etc., ademais do constante deterioro do pavimento debido ao tráfico pesado que habitualmente circula por estas vías.*

*Logo de que o trazado da variante de Viveiro fora aprobado polo pleno da corporación no ano 2006, a día de hoxe, transcorridos 18 anos, non se ten producido ningún avance significativo para a construción da variante de Viveiro, o terceiro Concello con mais poboación da provincia de Lugo, nada se sabe. No proceso de aprobación do PXOM de Viveiro, no mes de setembro de 2021 previa negociación do portavoz do noso grupo cos grupos de PP e PSOE, chegouse a un consenso sobre o trazado da variante, o cal figura grafiado no PXOM que supostamente se vai aprobar algún día, pero para o cal, perdimos toda esperanza.*

*En Por Viveiro entendemos que e fundamental e prioritaria a construción do tramo entre Area e A Ardoada en Landrove, pois captaría unha parte moi importante do tráfico de entrada e saída de Viveiro procedente de Galicia e do estado pola estrada LU-540 e da Mariña pola estrada LU-862. Podendo quedar para unha fase posterior o tramo entre Landrove e o limite co Concello de O Vicedo.*

*Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal de POR VIVEIRO traslada a seguinte proposta de acordo para a súa aprobación en pleno:*

*1. Realización diante da Xunta de Galicia das xestións necesarias para unha rápida licitación do proxecto, segundo o trazado consensuado no 2021, e posterior licitación da construción do tramo da Variante de Viveiro*





## Concello de Viveiro

---

entre Area e A Arredoada en Landrove.

2. *Traslado deste acordo á Mancomunidade de Concellos da Mariña, da que tamén solicitamos a súa aprobación.*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, procedendo á lectura da moción presentada.

Intervén D<sup>a</sup>. Maria del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, recordando que xa se debateu este asunto no pleno fai un ano e aprobouse por unanimidade e todos están de acordo no necesario desta vía para o concello e polo tanto están a favor da moción. Matiza que no corpo da moción xéranse varias dúbidas xa que se di que non se sabe pero algo parece que si que se sabe xa que dise que o trazado está no PXOM, do que di que perdeu a esperanza e entende esa postura despois de tantos anos. Pregunta a que xestión se refire no punto un e no dous onde solicita aprobación da Mancomunidade, entendendo que será apoio xa que Viveiro é un Concello coa entidade suficiente para manexarse por si mesmo ao que non ten que dar aprobación de nada a Mancomunidade.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, alegando que se antes se falaba de promesas agora séguese prometendo. Informa que nos orzamentos da Xunta para a Mariña falando da VAC, dende 2017 ao 2020 había uns orzamentos previstos e pasa a citar os dos distintos anos, tamén citando o ano 2021 e o 2022. Indica que a realidade dos orzamentos no ano 2021 era que había consignados 5 millóns, no 2022 catorce millóns, no 2023 25 millóns e no 2024 e seguintes dezanove millóns, apuntando que houbo modificacións cada ano e foron rebaixando os importes de cada anualidade, Nos orzamentos de 2025 presentouse unha emenda por parte do PSOE, xa que se previa un importe para un compendio de varias cosas, e considera que se se segue así verase a variante en 2070 ou por aí. Remata entendendo que habería que executala dunha vez por todas.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, contestando que do PXOM estase perdendo a esperanza, sendo moi importante. Engade que se falaba da importancia de ser concello emprendedor pero para poder ser concello emprendedor vai haber un déficit para conseguilo e un deses déficits vai ser o acceso por estradas. Comenta que moitas veces fala do exemplo con Monforte, que hai 50 anos en estradas estaba ao mesmo nivel, e agora aquí estase peor. Comenta que fala de xestión diante da Xunta por todo isto, como dicía Pablo Iglesias nos seus tempos bos, que o ceo se collía por asalto, e considera que o PP pretende collelo por inanición e as dúas formas son moi complexas. Considera que a Mancomunidade é unha parte moi interesada na variante de Viveiro para os concellos da Mariña occidental. Segue a súa intervención traendo a coalición noticias do Progreso dos orzamentos da Xunta de 2025 e cita que nestes veñen a mellora da LU-540, dentro da VAC, a cal comenza no km 5, na Arredoada, e polo tanto non entende que a mellora da LU-540 estea dentro do orzamento que se refire á VAC. Segue lendo a noticia e comenta que non entende como todos os anos se teña que estar co mesmo, pasando todo isto sen pena nin gloria e considera que xa toca que se recorden de Viveiro

Intervén D<sup>a</sup>. Maria del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, entendendo que aquí hai entoar o mea culpa por todas as partes, porque a historia está aí. Recorda que no 2004 a Xunta aprobou o expediente de Estudo Informativo de Impacto Ambiental excepto tramos de Viveiro, pola oposición do Concello, recordándolle que debía de incluír a continuidade da vía no seu planeamento urbanístico, que a día de hoxe non hai. Comenta que tras levar á Xunta o Concello a un contencioso, aparte de perder o contencioso tamén se perdeu a oportunidade de seguir e de desenrolar a variante. Sinala que agora a Alcaldesa di que hai que aceptar o que propoñía a Xunta e incluílo no PXOM, 20 anos despois. Entende que nese bipartito, tanto o BNG como o PSOE, tivo oportunidade de licitar, engadindo que nese ano aprobaron o tramo



## Concello de Viveiro

dende Area e tamén a VAC de Ortigueira, que licitaron no 2008, pero non a VAC de Viveiro. Pregunta que prioridade se lle deu a habilitar a variante en Viveiro dende o bipartito, e polo tanto entende que deberían entoar o mea culpa entre todos, e tamén inclúe a Por Viveiro xa que o portavoz de Por Viveiro de hoxe era daquela voceiro do BNG. Remata reiterando que a culpa é compartida.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, recordando que no 2008 había consenso, pero tamén hai que dicir que no 2010 chegou unha caixa chea de papeis ao concello de Viveiro onde se modificaba substancialmente o trazado que estaba consensuado e a partir de aí empezou unha oposición a este trazado. Iso acabou no tribunal, que lle deu a razón á Xunta. Comenta que dende aí non se fixo moito e antes das eleccións do 2019, convocouse a unha reunión na Xunta e dixeron que había a idea de facer unha ponte sobre a ría, entre a Atalaia e o Motel pero o problema era logo o enlace a Lugo, o que quedou en nada. Informa que no ano 20/21 dixeronlles que había que meter na cartografía do PXOM a variante e se deuse dende a Xunta ese trazado do 2010 e remata solicitando que se faga.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, entendendo que se marea a perdiz e mentres a estrada está sen facer e perdendo anos. Acepta que non toda a culpa é da Xunta xa que o goberno local tampouco insiste na súa petición, pero alega que a Xunta racanea moito para Viveiro e o que non pode facer é poñer cero euros para a VAC, que van parar á LU540. Considera que iso non é de recibo e xa toca invertir en Viveiro por parte da Xunta.

Intervén a Sra. Alcadesa recordando que o Concello de Viveiro sempre estivo pendente deste tema e hai neste intre una reunión solicitada co presidente da Xunta para falar deste tema. Afirmar que é verdade que o goberno bipartito nese intre non a licitou, pero tampouco había intención polo novo goberno da Xunta.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta obrante no expediente, co seguinte contido:

**PRIMEIRO.-** Realización diante da Xunta de Galicia das xestións necesarias para unha rápida licitación do proxecto, segundo o trazado consensuado no 2021, e posterior licitación da construción do tramo da Variante de Viveiro entre Area e A Arredoadá en Landrove.

**SEGUNDO.-** Traslado deste acordo á Mancomunidade de Concellos da Mariña, da que tamén solicitamos a súa aprobación.

### 5.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIVEIRO CON MOTIVO DO DIA MUNDIAL DA INFANCIA 2024

Vista a proposta de declaración institucional, asinada por todos os voceiros das formacións políticas que compoñen a Corporación, con motivo do día mundial da infancia 2024, que deseguido se transcribe:

*"Hoxe, en todo o mundo e en España, os nenos, nenas e adolescentes están a sufrir actos de violencia en todas as etapas da súa infancia e nos seus contornos máis cotiás<sup>1</sup>, e moitas veces a mans de persoas de confianza ou que teñen o deber de educalos, adestralos, crialos e protexelos. A ameaza é aínda maior para as nenas e as adolescentes, aquelas persoas con algunha discapacidade e quen se atopa en zonas de conflito.*

*O Consello de Europa estima que 1 de cada 5 nenos e nenas sufrirá abuso sexual antes de cumprir 18 anos. Do mesmo xeito, as estatísticas en España revelan que entre o 83% e o 91% dos nenos, nenas e adolescentes sofren actos de violencia en diversas etapas da súa infancia e en múltiples contornos<sup>2</sup>. Igualmente, o informe sobre o "Impacto da Tecnoloxía na Adolescencia"<sup>3</sup> sinala que 1 de cada 3 rapaces pode estar sendo vítima de acosos escolar. A pesar disto, menos do 10% das situacións de violencia é denunciada e/ou notificada.*

- 1 UNICEF. Unha situación habitual. Nova York, 2017
- 2 Pereda, N. 2019. ¿Canta violencia é demasiada?.
- 3 UNICEF España, 2021.



## Concello de Viveiro

O dano que produce a violencia contra a infancia pode afectar ao longo de toda a vida do neno ou a nena, e en varias dimensións, tanto cognitiva, como física ou emocional. Por iso, é fundamental chegar antes de que o dito dano se produza.

O Día Mundial da Infancia 2024 é un día mundial de acción para, con e polos nenos, nenas e adolescentes. O día para conmemorar a adopción da Convención sobre os Dereitos do Neno, (CDN) o 20 de novembro, nesta ocasión centrado en promover un compromiso de todos os actores, incluída a infancia, para que nenos, nenas e adolescentes vivan en contornos seguros e protectores libres de violencia. Un chamamento ao que se suma o Concello de Viveiro, xunto con UNICEF España e UNICEF Comité Galicia, xa que todos e todas "Somos Infancia".

Este 2024, promovamos que o Día da Infancia sirva para reivindicar e focalizar as accións de protección fronte á violencia cara a prevención, chegando antes de que o dano se produza, e involucrando como axentes activos na súa propia protección aos propios, nenos, nenas e adolescentes, porque tal e como eles e elas nos recordan, #somosinfancia. Son hoxe, son cidadáns e cidadás de pleno dereito e co dereito a vivir sen violencia.

Os nenos, nenas e adolescentes teñen o dereito a participar, aportando ideas e propostas sobre os temas que lles afectan, colaborando cos adultos na construción de espazos seguros e protectores. A protección fronte á violencia é unha das principais preocupacións que eles teñen actualmente. Por iso, contribúen a solucionar aportando ideas e propostas desde os espazos de participación a nivel local.

Por isto, para avanzar na prevención da violencia:

1. Para o pleno desenvolvemento da infancia, requírese, entre outros, a realización do Artigo 19 da Convención sobre os Dereitos do Neno. Polo tanto comprometémonos a tomar todas as medidas lexislativas, administrativas, sociais e educativas apropiadas para protexer á infancia contra toda forma de prexuízo ou abuso físico ou mental, descoido ou trato negligente, malos tratos ou explotación, incluído o abuso sexual, mentres o neno se atope baixo a custodia dos pais, dun representante legal ou de calquera outra persoa que o teña ao seu cargo.
2. Avanzaremos na posta en marcha a nivel local da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
3. Como administración máis próxima á infancia e adolescencia, comprometémonos a sensibilizar, formar, establecer espazos comunitarios, involucrar a nenos, nenas e adolescentes, familias e coidadores e cidadanía en xeral na prevención da violencia.
4. Realizaremos actividades deportivas, culturais, educativas, de lecer e tempo libre, dirixidas á infancia, asegurando contar nelas coas políticas de salvagarda axeitadas.
5. Aseguraremos que os profesionais de servizos sociais, infancia, deportes, educación, saúde, corpos e forzas de seguridade locais, cultura, etc., realizan accións coa infancia, nas cales poden detectar posibles casos de risco de violencia e contan coa formación e ferramentas adecuadas para abordar estes posibles casos.
6. Aseguraremos que os nenos, nenas e adolescentes, como axentes de pleno dereito, en función da súa idade e desenvolvemento, reciban información e formación para auto-protexerse e protexer aos seus pares ante posibles casos de violencia e que se lles ten en conta á hora de aportar propostas vinculadas coa prevención da violencia.
7. Proveremos ás familias, pais, nais e coidadores, ferramentas e apoio en diferentes etapas da crianza, para o exercicio das súas funcións parentais.
8. Realizaremos campañas dirixidas á nosa poboación local que contribúan a superar a, nalgúns casos, visión social permisiva ante certos tipos de violencias contra a infancia.

Asegurar a consecución dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes é unha cuestión colectiva e de obrigado cumprimento. Os desafíos aos que se enfrontan requiren de respostas coordinadas e escaladas, a nivel global, nacional, autonómico e local. Respostas que contén sempre coa súa participación. Por isto, nun Estado como o noso, que ratificou a Convención sobre os Dereitos do Neno en 1990, é fundamental o compromiso e a inversión que fan todas as administracións públicas, no noso caso, os gobernos locais.

Desde a corporación local non somos alleos a esta realidade. Por isto, comprometémonos coa promoción dun maior e máis eficiente investimento na infancia, garantindo que se asignan os recursos necesarios para avanzar na protección da infancia contra todo tipo de violencia, e adoptar modelos de traballo para a prevención da violencia contra a infancia a nivel local, propostos por entidades como UNICEF España.

Con esta declaración manifestamos o compromiso do Concello de Viveiro no marco do Día Mundial da Infancia de 2024"

Intervén a Sra. Alcaldesa indicando que esta declaración está asinada polos voceiros de todos os grupos e será lida pola Concelleira de Cultura que leva tamén o proxecto de Cidades amigas da Infancia.



## Concello de Viveiro

---

Intervén D<sup>a</sup>. Lara Fernández Fernández-Noriega, que procede á súa lectura.

### **3ª PARTE:** **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía, incorporando ao expte do presente pleno listado das referidas resolucións.

Intervén D<sup>a</sup>. Maria del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestando que en algún decreto hai erros nos que aparece que asina a alcaldesa como alcaldesa en funcións e tamén fai alusión á forma na que aparecen os decretos, que non figuran en orde segundo a relación.

#### **2.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA DE CONCELLEIROS DELEGADOS.**

Dase conta da resolución ditada pola Alcaldía, incorporando ao expte do presente pleno o nomeamento de delegacións.

#### **3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL 2023 SOBRE O CUMPRIMENTO EN MATERIA DE MOROSIDADE (EXPTE.- 3358/2023).**

Dase conta do informe anual 2023 sobre o cumprimento en materia de morosidade, incorporando ao expediente do presente pleno o mesmo.

#### **4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INFORMACIÓN ECONÓMICA, ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2024. (EXPTE.- 3534/2024).**

Dase conta do informe de información económica, estabilidade orzamentaria, período medio de pago e morosidade, correspondente ao 3º trimestre de 2024.

#### **5.-ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **PREGUNTA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 03/11/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-3365).**

Intervén D. Vicente Vázquez Chao, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

*Na parroquia de San Xoan de Covas, na estrada que vai dende a fonte de Covas ata a casería (avenida Santiago), o firme presenta cada día máis deterioro e os socavóns multiplícanse ó longo do vial. Os parches non solucionan o que parece ser un problema moito máis grave, e a solución do goberno municipal pasa por colocar unha plancha metálica que molesta terriblemente ós veciños e veciñas do lugar.*

*Por todo iso Rogamos:*

*Se teña en consideración esta molestia e pasen a reparar de inmediato o socavón antes de que provoque calquera accidente tendo en conta que desta volta o problema atópase nunha curva e cruce de camiños.*

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, explicando que a razón pola que non foi posible acometer aínda a reparación foi que houbo unha avaría no sistema de saneamento da zona e hai que dar tempo para ver que estea solventado e por iso non se arranxou o socavón. Engade que en canto se dispoña de todas as garantías rematarase a obra. Lamenta as molestias causadas e agradece a paciencia.



## Concello de Viveiro

---

Intervén D. Vicente Vázquez Chao, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, recordando que hai 5 meses preguntouse por este vial e pregunta onde van os 300.000 € que ían ir ás parroquias e tamén pregunta se vai esa estrada nos orzamentos do 2025, os cales xa dixo a primeira tenente de Alcaldía que tiña preparados.

### **PREGUNTA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 03/11/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-3364).**

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

*Las vecinas y vecinos de la parroquia de Galdo temen que se produzcan más accidentes de tráfico, como el que sufrió un anciano hace unos días, al ser alcanzado por un vehículo, o el que sufrió una mujer, que se tuvo que echar a la cuneta porque un vehículo estuvo a punto de arrollarla.*

*Por este motivo, solicitan que se limite la velocidad, especialmente en un tramo de unos 300 metros de carretera que discurre por la zona de la iglesia de Galdo y cuya titularidad pertenece a la Diputación Provincial de Lugo. Explican que ya informaron al Concello dirigiendo varios escritos y que no se ha hecho nada. Además, advierten que no es la primera vez que hay accidentes y que se contarán más si no se toman medidas.*

*Por lo expuesto anteriormente, ROGAMOS:*

*Que el gobierno municipal, junto con la Diputación de Lugo, tengan en cuenta las peticiones de los vecinos afectados por esta problemática y que se tomen las medidas necesarias para garantizar su seguridad, como puede ser la colocación de bandas sonoras o rugosas, de señales de tráfico o de algún tipo de resalto o badén que obligue a reducir la velocidad de los vehículos.*

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que esa estrada é de titularidade da Deputación Provincial de Lugo e o Concello xa trasladou esta problemática á área de Vías e Obras da Deputación. Comenta que a única comunicación formal foi en novembro de 2023 e dille dixo á persoa que a estrada é da Deputación, de tódolos xeitos, apela á responsabilidade xa que a estrada ten límite de velocidade.

Intervén D. Pablo Varela Sanchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, afirmando que as queixas coñécense e recibiron un escrito hai 11 meses dos veciños afectados e están esperando que se conteste, din que senten medo, xa que pasan bastantes coches. Entende que hai moitas posibilidades de exercer un efecto disuasorio para a velocidade dos vehículos, como badéns. Solicita que ao menos insten á Deputación para que o teña en conta.

Intervén D<sup>a</sup> Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, pedindo que non se falte á verdade, sinalando que non é verdade que non se fixese nada, xa que se trasladou á Deputación e non se pode facer nada máis. Recorda que a cita con esa persoa foi a principios de novembro e xa se lle explicou esta cuestión e en decembro, un mes despois, presentouse o escrito, polo que nada entende que proceda contestar cun mes de diferenza.

### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 30/10/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-6931).**

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

*Iluminación Estadio Municipal Marcos Gómez*

*No mes de febreiro o temporal Karlotta provocou importantes danos na iluminación, derribando unha das torretas*



## Concello de Viveiro

---

*e deixando outra inoperativa, do Estadio Municipal Marcos Gómez no Cembedo, quedando unicamente en servizo as dúas torretas do lado da ría.*

*A día de hoxe, nove meses despois, os devanditos danos seguen pendentes de reparación, feito que supón que as entidades deportivas usuarias soamente poidan utilizar as instalacións en horario diurno e que nos meses de inverno limita considerablemente o cumprimento do horario asignado a cada clube.*

*Por todo o exposto, rogamos ao equipo de Goberno a realización das xestións necesarias para o arranxo das mencionadas deficiencias na iluminación do Estadio Municipal Marcos Gómez no Cembedo.*

Intervén a Sra. Alcaldesa afirmando que hai ese problema, que foi co temporal e tramitouse coa aseguradora, tardaron en vir a valorar os danos logo faise un informe en abril polo encargado de obras sobre a valoración dos danos. Ao día seguinte reclamáronse os danos conforme a esa valoración, veu o perito en maio, que fai un informe no que non se inclúe a totalidade dos danos. O 30 de agosto de 2024 faise a transferencia completa do importe dos danos e logo faise unha contratación adxudicándose á empresa que xa encargou os traballos e están á espera de que se lles subministre o material. Paralelamente valorouse arranxar a torreta que estaba tirada e tamén se vai facer, apuntando que isto non vai subsanar todo o necesario pero si unha parte e estase pendiente para axilizar a execución do contrato..

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, reprochando que van nove meses e no inverno desde as 6 non se pode utilizar o campo.

### **ROGO ORAL POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

Intervén D<sup>a</sup>. Maria del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, informando que na zona dos institutos non se ve nada, sobre todo nas zonas dos pasos de peóns. Sinala que diante do Vilar Ponte é increíble que todos os coches teñan que pasar por diante do pabellón para dar a volta cara a Cruz Vermella, considerando que é precisa unha rotonda, que xa había antes e é imprescindible porque desconxestiona, xa que agora todo aboca onde están os autobuses e é perigoso, xa que moitos coches xiran a veces antes de chegar a este triángulo e xiran en redondo. Recorda que a beirarrúa de diante do Pastor Díaz mide sobre 1,80 pero a do instituto é de apenas 1 metro. Entende que esa zona debería analizarse xa que pode pasar calquera cousa.

Intervén a Sra. Alcaldesa indicando que antes cando había Policía Local sempre estaba por alí para reconducir eses problemas e tamén apela á responsabilidade dos pais que van a recoller os nenos. Remata indicando que se estudará.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22:00 horas do día 6 de novembro de 2024, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

